

CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NA COMARCA TERRA DE SONEIRA. Ano 2009


Este estudo elabórase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas na comarca.

O desemprego rexistrado na Comarca de Terra de Soneira no ano 2009 foi do **1.93 % do desemprego rexistrado na provincia**, porcentaxe algo inferior ó acadado no ano 2008 que foi do 2.01 %. O que amosa que o desemprego na provincia creceu algo máis aceleradamente que na comarca no 2009.

Atendendo á demanda de emprego por concellos, inscritos en decembro do 2009, Vimianzo conta cun 37.25 % (39.62 % no 2008) dos inscritos na comarca, Camariñas cun 39.17 % (37.80 % no 2008) e Zas cun 23.58 % (22.58 % no 2008). É salientable como o paro afectou a Camariñas en maior medida que nos outros concellos.

O desemprego comarcal segundo a idade e o sexo

O paro da comarca non segue a mesma tendencia todo o ano en ambos sexos, no caso dos homes diminúe no segundo e terceiro trimestre para aumentar no derradeiro trimestre do ano e no caso das mulleres aumenta no segundo trimestre, diminúe no terceiro e volve aumentar no último.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 54.31 % (58.36 % no 2008) fronte ó 45.69 % (41.64 % no 2008) de desemprego masculino, producíndose a máxima diferenza porcentual no terceiro trimestre do

ano. Cómpre destacar que o desemprego masculino creceu máis de catro puntos con respecto ó ano anterior. A crise afectou en maior medida ó crecemento do paro masculino mentres que a tendencia feminina de crecemento segue constante. Esta situación mostra que o crecemento do desemprego feminino é estrutural mentres que o masculino é circunstancial. A media trimestral delas foi de 882 paradas, maior número que a media trimestral do ano anterior (782). Os homes desempregados presentan unha media de 742, moi superior ós 558 de media trimestral do ano anterior.


Cadro nº1: DESEMPREGADOS POR SEXO

2008	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	751	843	1594	83592
Segundo	739	904	1643	81134
Terceiro	676	869	1545	82344
Cuarto	802	911	1713	89594

Cadro nº 2: DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	176	346	367	371	334	1594
SEGUNDO	194	360	388	360	341	1643
TERCEIRO	168	334	348	358	337	1545
CUARTO	172	366	424	396	355	1713

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que o maior porcentaxe de desempregados se sitúa no grupo de entre 25 – 44 anos cunha media do 45.14% (44.48 % no 2008). Os maiores de 45 anos teñen tamén unha presenza moi significativa, cun 43.90 % de media do paro rexistrado (47.39 % no 2008).



Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 10.96 % do desemprego comarcal (8.13 % no 2008). Á vista destes resultados podemos concluír que neste ano caracterizado pola crise económica a nivel mundial o desemprego cebouse especialmente cos menores de 45 anos, mentres que entre os maiores de 45


anos aínda que aumentou o desemprego en números absolutos descendeu o porcentaxe con respecto ós outros grupos de idade.

Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	88	204	219	192	140	843
SEGUNDO	97	223	242	199	143	904
TERCEIRO	90	206	232	195	146	869
CUARTO	89	212	264	197	149	911


Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	88	142	148	179	194	751
SEGUNDO	97	134	146	161	198	739
TERCEIRO	78	128	116	163	191	676
CUARTO	83	154	160	199	206	802



O **paro feminino** caracterízase por ser superior ó paro masculino en tódolos grupos de idade agás entre os maiores de 54 anos no que os homes desempregados superan ás mulleres. Isto probablemente sexa debido a que a poboación activa é moi superior en homes respecto das mulleres que buscan traballo nesta franxa de idade. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de 25 - 44 anos.

Os maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse nos maiores de 55 anos, seguido do grupo de 45 - 54 anos. Os períodos de descenso do paro afectan especialmente ós grupos entre os 25 e os 44 anos. Hai que salientar que o maior descenso de



desempregados durante os meses de verán se produce entre o grupo de 35 – 44 anos e o de menores de 25 anos, mentres que no ano anterior este descenso correspondía ós grupos de 35 – 44 anos e o de maiores de 45 anos.

O nivel de instrución e desemprego


O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 57.57% (61.27 % no 2008) de desempregados que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 27.83 % (26.12 % no 2008) só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 2.34 % (1.94 % no 2008) de demandantes de emprego posúen titulación universitaria.

Atopamos neste ano que o desemprego creceu nos desempregados con formación media, case que dous puntos, e superior (0,4 puntos), aínda que segue a afectar maioritariamente ós desempregados sen ESO. A situación en relación coa provincia é claramente desvantaxosa para a Terra de Soneira.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN

	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	CUARTO
UNIVERSITARIOS	33	34	42	43
BUP/BACHAREL SUPERIOR/COU	36	36	32	39
FORMACIÓN PROFESIONAL	154	159	159	180
ENSINANZA OBRIGATORIA	421	468	429	492
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	950	946	883	959
TOTAL	1594	1643	1545	1713

* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.




O desemprego por sectores económicos


Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
SECTOR PRIMARIO	33	85	118	37	68	105	39	47	86	41	62	103
SECTOR SECUNDARIO	197	90	287	205	91	296	196	82	278	200	90	290
SECTOR CONSTRUCCIÓN	35	359	394	45	331	376	43	310	353	44	380	424
SECTOR SERVICIOS	453	185	638	478	197	675	449	176	625	484	208	692
SEN EMPREGO ANTERIOR	125	32	157	139	52	191	142	61	203	142	62	204
CON EMPREGO ANTERIOR	718	719	1437	765	687	1452	727	615	1342	769	740	1509
Total	843	751	1594	904	739	1643	869	676	1545	911	802	1713


Máis do 88 % dos desempregados da Terra de Soneira son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 12 % é demandante de primeiro emprego. Respecto do mesmo período no ano anterior reduciuse en tres puntos porcentuais os desempregados demandantes de primeiro emprego. Esta diminución porcentual non significa que neste ano se reducira o desemprego de persoas sen experiencia laboral (en números absolutos vemos que o número destes aumenta en tódolos trimestres do ano), senón que o incremento foi maior entre os demandantes de emprego que xa tiveron algunha experiencia laboral.



Os sectores con maior cantidade de desempregados son o sector servizos e a construción, seguindo as mesmas pautas do ano anterior. Atendendo á evolución por trimestres, observamos a tendencia xeral de diminución no número de parados no terceiro trimestres do ano, para volver a aumentar de novo no cuarto trimestre aínda que existen distintos comportamentos no número de desempregados segundo os sectores que avaliemos.




Nos sectores primario e na construción, se producen descensos no número de desempregados no segundo e terceiro trimestre do ano, mentres que nos sectores secundario e servizos aumentan os desempregados no segundo trimestre para descender no terceiro. Ó remate do verán aumenta o desemprego en tódolos sectores e se superan os niveis de desemprego do primeiro trimestre en tódolos sectores agás no sector primario.



A contratación na comarca por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	10	40	50	14	86	100	10	78	88	17	66	83
SECTOR SECUNDARIO	45	38	83	54	29	83	34	43	77	35	27	62
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4	137	141	10	170	180	6	148	154	6	92	98
SECTOR SERVICIOS	210	73	283	222	107	329	260	172	432	183	66	249
TOTAL	269	288	557	300	392	692	310	441	751	241	251	492




No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre nos sectores primario, construción e servizos, mantendo o mesmo número de contratos no sector secundario. No terceiro trimestre (época de

verán) aumenta soamente no sector servizos respecto ó trimestre anterior. No cuarto trimestre prodúcese unha regresión considerable no número de contratacións en tódolos sectores.


Na contratación que se efectúa na comarca destaca o seu carácter maioritariamente masculino, máis dun 55 %, esta porcentaxe aumentou dous puntos con respecto ó ano anterior. Os sectores máis masculinizados son a construción e o sector primario. O maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres dáse nos sectores secundario e, principalmente, no sector servizos.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que durante todo o 2009 os homes se incorporan ó mercado de traballo en maior número que as mulleres. Mentres que no primeiro e derradeiro trimestre do ano non hai moita variación no número de contratos rexistrados en canto ó sexo, vemos que no segundo e terceiro trimestre as contratacións masculinas superan amplamente as contratacións femininas.


Evolución da contratación




No primeiro trimestre son sectores fortemente masculinizados o sector primario e a construción. A maioría da contratación feminina prodúcese no sector servizos.



Neste segundo trimestre continúa a mesma tendencia que no trimestre anterior en canto ós distintos sectores aínda que no sector secundario aumenta o peso porcentual das contratacións entre as mulleres.



Como se pode observar, neste terceiro trimestre é onde o porcentaxe de contratación feminina é o máis baixo respecto da contratación masculina. O máis salientable é que se rexistran por primeira vez en todo o ano maior número de contratos masculinos no sector secundario e que se produce unha diminución significativa na diferenza porcentual entre os contratos femininos e masculinos no sector servizos, ata este trimestre amplamente liderados polas contratacións femininas.



No cuarto trimestre observamos o maior achegamento no número de contratacións femininas con respecto ás masculinas en todo o ano. As mulleres recuperan neste trimestre o maior número de contratos con respecto dos homes no sector secundario e o seu liderado indiscutible no sector servizos, tendencias do primeiro e segundo trimestre que se racharan no terceiro.

2.1.6.- As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA MULLERES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PEÓNS DE INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	69	36		13
CAMAREIROS, BARMANS E ASIMILADOS	19	28	42	29
ASISTENTES DOMICILIARIOS	16		36	36
DEPENDENTES E EXHIBIDORES EN TENDAS, ALMACÉNS, QUIOSCOS E MERCADOS	14	19	13	14
MATACHÍNS E TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS CÁRNICAS E DO PEIXE	13	31	28	
OPERADORES DE MÁQUINAS DE COSER E BORDAR	13	9		7
OUTROS DIVERSOS TRABALLADORES DE SERVIZOS PERSOAIS	12			
XASTRES, MODISTOS E SOMBREIREIROS	11	28	15	14
TÉCNICOS EN EDUCACIÓN INFANTIL	10			9
AUX. ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NON CLASIFICADOS ANTERIORMENTE	10	9		
PERSONAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS (CAMAREIRAS DE PISO) E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES		18	11	
COCIÑEIROS E OUTROS PREPARADORES DE COMIDAS		12	12	8
COMPOSITORES. MÚSICOS E CANTANTES		9		
EMPREGADOS PARA O COIDADADO DE NENOS			20	
VARREDORES E ASIMILADOS			8	
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS E MANTEMENTO DE ESTRADAS, PRESAS E CONSTRUCCIÓN SIMILARES			8	
ANIMADORES COMUNITARIOS				7
PESCADOR POR CONTA ALLEA DE ALTURA				7

No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas (18) atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: peón de industrias manufactureiras; camareiros, barmans e asimilados; asistentes domiciliarios; dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados; matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe; operadores de máquinas de coser e bordar;

xastres, modistos e sombreireiros; cociñeiros e outros preparadores de comidas. Estas ocupacións constitúen o 44.44 % das ocupacións analizadas.

2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: outros diversos traballadores de servizos persoais; compositores, músicos e cantantes; empregados para o coidado de nenos; varredores e asimilados; peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares; animadores comunitarios; pescador por conta allea de altura.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: técnicos en educación infantil; auxiliares administrativos con tarefas de atención ó público non clasificados anteriormente; persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NA COMARCA HOMES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
ALBANEIS E CANTEIROS	33	50	51	31
PESCADOR POR CONTA ALLEA DE ALTURA	27	67	50	34
PARQUETEIROS, SOLADORES E ASIMILADOS	23	12		10
TRABALLADORES EN FORMIGÓN ARMADO, ENFUSCADORES...	22	33	20	17
CARPINTEIROS (AGÁS ESTRUTURAS METÁLICAS)	17		22	7
COMPOSITORES. MÚSICOS E CANTANTES	13	30	30	14
CONDUTORES DE CAMIÓNS	13	21		13
CAMAREIROS, BARMANS E ASIMILADOS	11	8	16	
PEÓNS DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	11	22	13	
FONTANEIROS E INSTALADORES DE TUBOS	9			
OUTROS DIVERSOS TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE PROTECCIÓN E SEGURIDADE		18		
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS E MANTEMENTO DE ESTRADAS, PRESAS E CONSTRUCIÓN SIMILARES		10	16	
CONDUTORES DE AUTOBUSES			25	
CORTADORES, TRONZADORES E OUTROS TRABALLADORES FORESTAIS			14	20
TAXISTAS E CONDUTORES DE AUTOMÓBILES E FURGONETAS				10
PEONS DE INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS				7

En canto ós homes, nas ocupacións máis contratadas (16) atopamos 3 grupos pero, ó igual que no 2008, só coinciden cinco ocupacións coas máis contratadas entre as mulleres polo que apreciamos claramente a segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: albaneis e canteiros; pescador por conta allea de altura; parqueteiros, soladores e asimilados; traballadores en formigón armado, enfusadores...; carpinteiros (agás estruturas metálicas); compositores, músicos e cantantes; condutores de camións; camareiros, barmans e asimilados; peóns da construción de edificios. Estas ocupacións constitúen o 56.25 % das ocupacións analizadas.
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: fontaneiros e instaladores de tubos; outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade; condutores de autobuses; taxistas e condutores de automóviles e furgonetas; peóns de industrias manufactureiras.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares; cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais.

Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ó longo do ano. Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos en cada trimestre, que ó final do ano da lugar a 18 ocupacións no caso das mulleres e 16 no caso dos homes, só coinciden homes e mulleres en cinco, o que reflicte a segregación horizontal por sexos xa apuntada. Estas ocupacións serían: peóns de industrias manufactureiras; camareiros, barmans e asimilados; compositores, músicos e cantantes; peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares; pescador por conta allea de altura.

Cadro nº 9: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	432	489	452	473
Dependente de comercio, en xeral	203	204	200	204
Peón forestal	157	196	173	186
Asistente domiciliario	133	137	124	153
Mozo de recollida de lixo – varredor	129	179	168	184
Pinche de cociña	114	122	113	123
Peón de obras públicas, en xeral	110	145	128	139
Op. máquina ind. coser á plana	90	93	92	92
Caixeiro de comercio	81		74	84
Empregado administrativo, en xeral	79	84	89	98
Repoñedor de hipermercado		77		

Cadro nº 9: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Albanel	223	196	190	245
Peón da construción de edificios	176	174	148	207
Peón de obras públicas, en xeral	135	162	136	157
Peón forestal	119	139	112	141
Encofrador	95	86	79	98
Mozo de recollida de lixo - varredor	71	92	84	99
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	69	85	70	82
Mariñeiro de buque de pesca	60			
Condutor de camión, en xeral	53	52	50	70
Condutor de furgoneta de ata 3.5 T	44	51	49	57
Traballador de retén de incendios forestais		49		49
Carpinteiro, en xeral			42	



Concello de Camariñas
A Coruña



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BIENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA




Área de Desenvolvemento
Local de
Camariñas



Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NA COMARCA

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓN INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	118	7	125			
OCUPAC. RELACIONADAS COA RESTAURACION	150	35	185	118		118
SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES	139		139	137		137
OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO	60		60	360		360
OCUPAC. AGROALIMENTARIAS	72		72			
OCUPAC. RELACIONADAS CO SECTOR TÉXTIL	97		97	92		92
OCUPAC. DE TIPO ADMINISTRATIVO	19		19	87		87
OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA	29		29	461	76	537
OCIO E TEMPO DE LECER	16	87	103			
MANTEMENTO DE VÍAS E LIMPEZA DE PRAIAS	16	26	42	295	233	528
OCUPACIÓNS RELACIONADAS COA PESCA	7	178	185		60	60
OCUPACIÓNS FORESTAIS		34	34	178	177	355
CONSTRUC. EDIFICIOS		303	303		478	478
OUTRAS OCUPAC.DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS		100	100		42	42
TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS		82	82		106	106
PROTECCIÓN E SEGURIDADE		18	18			



Para poder comparar mellor as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupámolas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector cos seguintes criterios:

- Peón industrias manufactureiras: Non se agrupa con ningunha outra ocupación porque falta información sobre o sector concreto de ocupación e podería ser tanto do sector téxtil como do conserveiro, entre outros.
- Ocupacións relacionadas coa restauración: camareiros, barmans e asimilados; cociñeiros e outros preparadores de comidas; pinche de cociña.
- Servizos a persoas dependentes: asistentes domiciliarios; outros diversos traballadores de servizos persoais; técnicos en educación infantil; empregados para o coidado de nenos.
- Ocupacións relacionadas co comercio: dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados; dependente de comercio, en xeral; caixeiro de comercio; repoñedor de hipermercado.
- Ocupacións agroalimentarias: matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe.
- Ocupacións relacionadas co sector téxtil: inclúe xastres, modistos e sombreireiros; operadores de máquinas de coser e bordar; operario de máquina industrial de coser á plana.
- Ocupacións de tipo administrativo: auxiliares administrativos con tarefas de atención ó público non clasificados anteriormente; empregado administrativo, en xeral .
- Ocupacións relacionadas coa limpeza: persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares; persoal de limpeza ou limpador, en xeral.
- Ocio e tempo de lecer: compositores, músicos e cantantes; animadores comunitarios.
- Mantemento de vías e limpeza de praias: varredores e asimilados, peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares; mozo de recollida de lixo – varredor; peón de obras públicas, en xeral.

- Ocupacións relacionadas coa pesca: pescador por conta allea de altura; mariñeiro de buque de pesca.
- Ocupacións agroforestais: peóns forestais; cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais; traballador de retén de incendios forestais.
- Construción de edificios: albaneis e canteiros; traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados; peóns da construción de edificios; albanel; encofrador.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: parqueteiros, soladores e asimilados; carpinteiros (agás estruturas metálicas); fontaneiros e instaladores de tubos; carpinteiro, en xeral
- Transporte e comunicacións: condutores de camións; condutores de autobuses; taxistas e condutores de automóviles e furgonetas; condutor de camiión, en xeral; condutor de furgoneta de ata 3.5 T.
- Protección e seguridade: outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade.

Co fin de realizar a comparación dos datos numéricos cómpre indicar que collemos os datos das 10 ocupacións máis demandadas e as 10 máis contratadas en cada trimestre no ámbito masculino e no ámbito feminino. O número de contratos que aparecen no cadro 8 está realizado a partir do sumatorio das táboas de contratación. En canto ás demandas calculamos a media trimestral que correspondería a cada ocupación e sumamos as ditas medias segundo os nosos grupos sectoriais.

Se realizamos a comparación entres as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:

1.- Na gran maioría das ocupacións estudadas atopamos un número de demandas superior ó número de contratacións. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.

2.- Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 4 das estudadas: peón de industrias manufactureiras; ocupacións agroalimentarias; ocio e tempo de lecer; protección e seguridade.

3.- No caso das ocupacións relacionadas coa restauración; servizos a persoas dependentes; ocupacións relacionadas coa pesca; outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios; aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes.

4.- Este ano por primeira vez non temos ocupacións demandadas que non aparecen entre as máis contratadas. O que podería apuntar a unha mellor adecuación entre oferta e demanda e á mellor orientación e intermediación laboral no territorio se esta tendencia se confirma en próximos anos.

Cómpre salientar que a ocupación mozo de recollida de lixo – varredor é unha das máis demandadas porque é un dos códigos que os concellos utilizan para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que as persoas demandantes desta ocupación solicitan este traballo aínda que despois non aparece reflectido nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples, peón de obras públicas...

Tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións, aínda que este ano continúa a tendencia no aumento do número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as ocupacións de mantemento de vías e limpeza de praias e as ocupacións forestais. Cómpre salientar que esta tendencia da demanda feminina vén favorecida pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías e contratacións por parte de SEAGA para a campaña de incendios.



Concello de Camariñas
A Coruña



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA



Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara a demanda naquelas ocupacións de postos que non se cobren. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos similares.

Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto. No caso exposto nos concellos da zona poden empregarse ata 4 códigos distintos (peón de industria manufactureira, en xeral; peón de obras públicas, en xeral; mozo de recollida de lixo – varredor; peón forestal).

De todo isto concluímos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.